

SALVAXE, SALVAXE

Emílio Fonseca, 2024

1488

ESTREA EN NUMAX: 29.03.2025 | V.O. | TP | 86 min

"Cheiras iso?" A cámara entra nos montes da Galiza e o norte de Portugal entre murmurios. Para tecer os sinais que deixa a vida salvaxe hai que agudizar os sentidos. Salvaxe, salvaxe rastrexas imaxes e ausencias do lobo ibérico. Atravesa unha historia relacional cargada de mitoloxía popular, sometemento e exterminio e enfróntase a unha historia audiovisual feita de imaxes- simulacro do natural salvaxe.

Este ensaio filmico é un anti-documental de natureza: nel aparecen lobos que devolven a mirada a cámara aterrorizados e humanos que saben ouvear. Todas as criaturas deixamos rastros neste baile coidadoso de rastrexadores rastrexados.

«Nesa humildade do achegamento ao mundo animal hai algo tan poderosamente vivo que a película vira imprescindible»

Jonay Armas, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



Entrevista con Emilio Fonseca: «A chamada 'xestión' do lobo o único que significa é cantos hai que matar»

Por Mónica V. Lopo

Como xorde a idea da gravación de *Salvaxe, salvaxe*? De sempre sentín moita fascinación polos lobos, e este traballo foi unha excusa para aproximarme máis a súa figura. Investigar todo o que se sabe realmente dos lobos, das súas lendas e mitos, e tamén das súas certezaas.

Supoño que para facelo realidade levou a cabo un duro traballo de campo. Comecei a documentarme pola miña conta facendo entrevistas a xente do rural, gandeiros, xente maior que conviviu cos lobos, investigadores... de puntos de Galicia e Portugal como o Xurés, o Macizo Central, o Courel ou a Peneda.

Cando comezou o proxecto? O inicio da idea naceu no ano 2015, pero non foi un traballo continuo. Tivo os seus saltos para poder desenvolver paralelamente outros proxectos, e tamén condicionado por factores alleos a min. Desde a dispoñibilidade das persoas coas que quería falar ás condicións meteorolóxicas. Ademais estaba o financiamento, que chegou unha vez tiña feito moito do traballo de campo, coa produción de Xiana do Teixeiro, coa que no seu momento fundei a miña produtora Walkie Talkie Films. Ese orzamento a través de ICAA, Agadic e TVG, supuxo un pulo para volver a puntos nos que xa estivera para precisar máis a información e seguir investigando.

Fala da entrevistas a diferentes persoas relacionadas co mundo dos lobos, pero o seu documental virou cara outra proposta alonxada da pura gravación de testemuñas. Segundo ía obtendo información vin moi necesario trasladar información verídica actual e científica para alonxar todos os mitos, antigos e actuais, que existen sobre os lobos. Hai moita desinformación. Así que me dei conta de que non quería facer un documental-reportaxe máis sobre os lobos do noroeste ibérico, os danos a gandaría, as medidas de protección do lobo ou a chamada “xestión” do lobo, cando o único que significa é cantos hai que matar. O que máis me interesaba era poñer en relevancia a información científica, pero dándolle unha volta de reflexión política e ética, ademais de crear coa película unha inmersión sensorial e estética. Poder compartir a emoción que me esperta a cohabitación con outras formas de vida. Vivimos xuntos no planeta, estamos xuntos nisto. Tamén quería cuestionar a maneira en que entendemos e tratamos a vida salvaxe.

No documental aparecen imaxes de lobos captadas por cámaras, pero polo que sei, son gravacións de investigadores. Efectivamente. Eu filmei algunhas imaxes, pero chegou un momento que, dada a situación delicada na que se atopan as mandas, decidín deixar de obsesionarme coa procura desas imaxes e darlle o valor que merecen ás imaxes captadas polos científicos que, aínda de menor calidade técnica, si teñen moita importancia e teñen certa xustificación de existencia.

Nas zonas onde fixo o traballo de campo, que percibe da súa situación ambiental? O territorio galego portugués, aínda que o vexamos tan verde, é unha terra moi castigada. Polos incendios, a contaminación, as infraestruturas, a maquinaria agroindustrial, a sobreexplotación agrícola e industrial... estamos nun momento de colapso ecolóxico, como comentaba, e esta zona non é allea a iso.